

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria do 5 de agosto de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día cinco de agosto de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular acctal. do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Riesgo Boluda, e o interventor acctal. xeral, Sr. Suárez Sánchez, titular da Asesoría Xurídica.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1277).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACION CULTURAL GRUPO ALETHEIA PARA A REALIZACIÓN DUNHAS XORNADAS DE FILOSOFIA 2008 “SOCIEDADE, ECONOMIA E IDEOLOXIA”. EXPTE. 11082/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do Departamento de Cultura de data 30 de xuño de 2008 coa conformidade do concelleiro delegado e máis do interventor xeral, visto o informe do titular da Asesoría Xurídica de data 23.07.08 e a fiscalización de data 31 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Grupo Aletheia, CIF G36659258, para a organización dunhas Xornadas de Filosofía programadas pola Concellería de Cultura baixo o título “Sociedade, Economía e Ideoloxía”, que se realizarán do 14 ó 17 de outubro de 2008 en Vigo, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

2.- Autorizar un gasto a favor da A.C. Grupo Aletheia de 14.000 € (catorce mil euros), con cargo á partida 4510.226.06.00 “Foros culturais”, en concepto de compensación pola organización das Xornadas de Filosofía.

PROXECTO CONVENIO CONCELLO DE VIGO- A.C. GRUPO ALETHEIA PARA REALIZACIÓN DAS  
XORNADAS DE FILOSOFÍA  
“Sociedade, Economía e Ideoloxía”

En Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil oito

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesus López Carreira, concelleiro-delegado do área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e en representación desta administración municipal, con CIF P-3605700-H, e con enderezo na praza do Rei s/n.

Doutra parte, D. Avelino Muleiro García, presidente da A.C. Grupo Aletheia, con CIF G36659258, e con enderezo na rúa Álvaro Cunqueiro 36, 3º C, da cidade de Vigo.

MANIFESTAN

1.- A Concellería-delegada da Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo pretende o potenciamento da actividade cultural da cidade, para o que ven desenvolvendo diversos programas que contribúen á análise do fenómeno cultural nas súas máis diversas manifestacións.

2.- Que baixo a denominación “Sociedade, Economía e Ideoloxía”, abordado dende ópticas diferentes: economía, socioloxía, ética, psicoloxía, ..., analizarase a situación actual na que vivimos.

3.- O tratamento das cuestións presentadas deben ser analizadas nunhas xornadas de filosofía abertas ao público en xeral e ademais con recoñecemento académico, xustificado pola orixe universitaria e investigadora dos relatores.

4.- A A.C. Grupo Aletheia é unha organización sen ánimo de lucro que pretende difundir os valores da filosofía, da análise e da reflexión en todos os ámbitos posibles e está disposta a colaborar co Concello de Vigo naquelas actividades relacionadas cos seus obxectivos.

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio subscríbese co obxectivo de realizar as XORNADAS de FILOSOFÍA “Sociedade, Economía e Ideoloxía”, que promoven conxuntamente a Concellaría-delegada de Cultura e Animación Sociocultural e mais a A.C. Grupo Aletheia, coa colaboración doutras entidades, como forma de potenciar as manifestacións culturais da cidade.

SEGUNDA.- Orzamento e financiamento.

O orzamento xeral da programación das Xornadas de Filosofía, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a un gasto total de 16.000 € dos que 14.000 € se financiarán con cargo á partida 4510.226.06.00 “Foros culturais” do orzamento municipal do actual exercicio económico, e os outros 2.000 € fináncianse pola entidade organizativa a través de recursos propios ou que procuren.

O Concello de Vigo ou a A.C. Grupo Aletheia poderán procurar financiamento das Xornadas de Filosofía a través de entidades públicas ou privadas.

TERCEIRA.- Datas e lugares.

As Xornadas “Sociedade, Economía e Ideoloxía” terán lugar do 14 ao 17 de outubro de 2008 no Salón de Actos da Fundación Caixagalicia, rúa Policarpo Sanz nº 21 de Vigo. O programa detallado e o orzamento achéganse a este convenio nun ANEXO.

CUARTA.- Destinatarios e sistema de acceso.

As xornadas están destinadas ao público en xeral e contan cun número limitado de 150 prazas. A inscrición é gratuíta e realizarase a través da A.C. Grupo Aletheia ou, directamente, no local das xornadas no momento do seu inicio (se houbera prazas dispoñibles).

QUINTA.- O A.C. Grupo Aletheia comprométese a:

a) *Asumir a organización das Xornadas de Filosofía, en particular os seguintes aspectos:*

- *Seleccionar aos relatores e organizarlles as viaxes e estadias.*
- *Atención aos ponentes, moderadores e representantes das entidades organizadoras, dende a súa chegada á cidade até a súa saída, incluíndo os traslados, comidas e ceas.*
- *Atención ao público: información, inscricións, entrega de documentación e certificados, etc.*
- *Difusión e comunicación sobre as xornadas: edición, distribución e/ou instalacións, de folletos, carteis, dossiers, diplomas, rotulacións; etc. Información aos medios de comunicación en coordinación coa Concellaría-delegada da Área de Asuntos Sociais.*
- *Asumir os gastos derivados dos parágrafos anteriores.*
- *Controlar a asistencia dos inscritos, de acordo coas normas da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia, co obxecto de xestionar as certificacións académicas.*
- *Procurar o financiamento complementario do custo das xornadas.*

b) *Resolver con carácter xeral calquera detalle organizativo que non estea expresamente asumido polo Concello de Vigo.*

c) *Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto detallado no anexo; comunicarlle á Concellaría-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural os cambios que se puidesen producir no momento en que se teña noticia deles co obxecto de recabar a conformidade da Concellaría-delegada coas modificacións.*

d) *Presentar no Concello de Vigo unha memoria-avaliación do programa obxecto deste convenio, dentro dos 10 días seguintes á súa finalización. Como mínimo, a memoria incluirá:*

- ◆ *Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes).*
- ◆ *Memoria de prensa.*
- ◆ *Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes á aportación do Concello ao presente convenio. As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporaranse xunto coa relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.*

SEXTA.- O CONCELLO DE VIGO a través da súa CONCELLARÍA-DELEGADA DA ÁREA CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL obrígase a:

*Aboarlle ao Grupo Aletheia un importe total de 14.000 €. como compensación dos gastos orixinados polos conceptos detallados na cláusula anterior; tras os informes técnicos correspondentes e a aprobación da memoria polo concelleiro-delegado da Área Cultura e Animación Sociocultural.*

SÉTIMA.- Unidade xestora e mecanismos de seguimento do convenio.

*A xestión deste convenio corresponderalle á unidade de Cultura do Concello de Vigo e o seu seguimento realizarase a través do A.C. Grupo Aletheia, da presenza de persoal do Departamento de Cultura do Concello nas actividades programadas e dos informes ou memoria correspondentes.*

*A tal efecto e co fin garantir o cumprimento do redactado neste Convenio, crearase unha comisión de coordinación e seguimento do mesmo, presidida polo Concelleiro-delegado do Área Cultura e Animación Sociocultural e formada por un representante da entidade organizativa das Xornadas, A.C. Aletheia e un representante do departamento de Cultura nomeados a tal fin.*

OITAVA.- Difusión.

*A produción do material gráfico relacionado coas Xornadas de Filosofía será asumida integramente pola A.C. Grupo Aletheia. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellaría-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*O anagrama-logotipo do Concello de Vigo-Concellaría-delegada da Cultura e Animación Sociocultural figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acordan. Tamén figurarán os anagramas-logotipos das entidades colaboradoras nas xornadas que determine a Concellaría-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellaría-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

NOVENA.- Sistemas de pagamento.

O Concello de Vigo aboaralle ao A.C. Grupo Aletheia o importe de 14.000 € por transferencia bancaria á conta n. 0468/0040105822 que a citada entidade ten aberta na oficina da praza da Independencia de Caixanova a nome de Grupo Aletheia; despois da aprobación da memoria-avaliación, tras os informes técnicos favorables de técnicos da unidade de seguimento do convenio e do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural .

DÉCIMA.- Incumprimentos.

O incumprimento das obrigas estipuladas neste convenio poderá significar a súa cancelación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o día 31 de decembro 2008.

DÉCIMO SEGUNDA.- Resolución de controversias e desenvolvemento.

A Xunta de Goberno Local queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución e o Concelleiro de Cultura adoptará as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade asinan, por triplicado exemplar, o presente convenio na data xa indicada.

XORNADAS DE FILOSOFÍA  
“Sociedade, Economía e Ideoloxía”  
Salón de actos da Fundación Caixagalicia  
14, 15, 16 e 17 de outubro de 2008  
PROGRAMA

Día 14, martes

16.30h. Apertura das XVIII Xornadas

17.00h. Fernando Vallespín Oña: Democracia e opinión pública.

18.30h. Descanso

19.00h. Jesús Mosterín: ¿Que hai de novo na dinámica cultural?

21.00h. Final da xornada

Día 15, mércores

17.00h. Emilio Lamo de Espinosa: Países emerxentes e nova sociedade-mundo

18.30h. Descanso

19.00h. Aurelio Arteta: Víctimas políticas, xustiza política

21.00h. Final da xornada

Día 16, xoves

17.00h. Salvador Giner: A banalización da ideoloxía e o descrédito da verdade

18.30h. Descanso

19.00h. Ramón Febrero: Os mercados financeiros e as turbulencias financieras

21.00h. Final da xornada

Día 17, venres

17.00h. Xosé L. Barreiro Rivas: *A influencia das ideoloxías na política*  
18.30h. Descanso  
19.00h. Manuel Ajenza: *Ideoloxía, falacias e funcións sociais latentes*  
21.00h. CLAUSURA XORNADAS

#### XORNADAS DE FILOSOFÍA

##### ORZAMENTO DESAGREGADO

###### A.- GASTOS:

<i>Emolumentos conferenciantes:.....</i>	6.000 €
<i>Viaxes:.....</i>	.3.000 €
<i>Hotel:.....</i>	2.000 €
<i>Comidas:.....</i>	.1.500 €
<i>Carteis, programas, carpetas:.....</i>	3.000 €
<i>Comunicacións: fax, teléfono, cartas, etc.....</i>	500 €

TOTAL GASTOS:..... 16.000 €

###### B.- INGRESOS:

<i>Política Lingüística:.....</i>	1.000 €
<i>Consellería de Cultura:.....</i>	1.000 €
<i>Concello de Vigo: .....</i>	14.000 €

TOTAL INGRESOS:..... 16.000 €

#### XVIII XORNADAS DE FILOSOFÍA

14-16 de outubro de 2008

##### DIFUSIÓN E FUNCIONAMENTO

A publicidade das Xornadas de Filosofía abrangue os seguintes ámbitos:

- 1.- Edición e distribución pola cidade de 1.000 carteis, deseñados polo pintor Antón Pulido.
- 2.- Presentación das Xornadas en rolda de prensa, presidida polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.
- 3.- Edición e distribución de 3.000 dípticos co programa das xornadas.
- 4.- Distribución de carteis e dípticos co programa a todos os centros de ensino público e privado de Galicia, universidades españolas e principais institucións galegas.
- 5.- Notas de prensa da temática das xornadas día a día.
- 6.- Entrevistas nos medios de comunicación cos relatores das xornadas.

## *FUNCIONAMENTO DAS XORNADAS DE FILOSOFÍA EN VIGO*

1.- *As Xornadas de Filosofía son abertas ao público en xeral, se ben son de máis interese para profesores universitarios e de ensino secundario.*

2.- *A inscrición é gratuíta.*

3.- *A inscrición nas Xornadas de Filosofía pode realizarse previamente enviando os datos persoais ao apartado de correos 5350, por correo electrónico (xornadasaletheia@yahoo.es) ou no momento mesmo da apertura das xornadas (se houbera prazas dispoñibles).*

4.- *Outorgaráselles un diploma de asistencia a todos os asistentes que teñan xustificada unha presenza mínima do 60% do programa. Ao profesorado recoñeceráselle vinte horas por parte da Consellería de Educación, útiles para sexenios e outras actividades docentes.*

### **2(1278).- CUALIFICACIÓN COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE) DO PROXECTO EMPRESARIAL DENOMINADO “BAOBAB”.EXPTE. 5280/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, conformado polo concelleiro delegado, de data 30.07.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Promover ante a Consellaría de Traballo, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “BAOBAB”, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo equipo do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) do Concello de Vigo, que por parte dos Axentes de emprego de desenvolvemento local (ADLs) asisten na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como no asesoramento para levar a cabo os trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e axuda na posterior solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellaría de Traballo.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais á creación de empresas ás que de ser o caso opte.

### **3(1279).- CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA BAIXADA A SANTA CRISTINA. EXPTE. 56100/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras e do asesor xurídico, do 10.07.2008, co conforme da concelleira delegada de dita Área, así como o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 1.08.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Construcción de beirarrúa na Rúa Bxda. Sta. Cristina. Fase 1 ( entre Lecuona e Igrexa ) ”, redactado por TECPRO, Ingeniería Civil

2º.- Aproba-los pregos de prescripcóns técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sin publicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto con cargo á partida 5110.601.0000 para a contratación das obras por importe total máximo con IVE de 144.938,01 €,

Prezo sin IVE = 124.946,56 €  
IVE a soportar pola Administración = 19.991,45 €.

4º.- Abri-lo procedemento de negociación, invitando a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente o no prego de condicións administrativas.”

**4(1280).- CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA R/ SANTA MARINA. EXPTE. 55428/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras e do asesor xurídico de dita Área, do 8.07.2008, co conforme da concelleira delegada da Área, así como o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 1.08.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Construcción de beirarrúa na Rúa Sta. Marina. Fase 1 ( ata a Igrexa ) ”, redactado polo enxeñeiro de camiños , canles e portos D. Eloy Fernández- Valdés Martínez- Estélez

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sin publicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras por importe total máximo de 95.588,16 €, IVE incluído, concargo á partida 5110.601.0000

Presuposto sin IVE = 82.403,59 €  
IVE a soportar pola Administración = 13.184,57 €

4º.- Abri-lo procedemento de negociación, invitando a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.e no prego de condicións administrativas.”

**5(1281).- CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA R/MANUEL COSTAS BASTOS. EXPTE. 56099/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras e do asesor xurídico de dita Área, do 10.07.2008, co conforme da concelleira delegada da Área, así como o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 1.08.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Construcción de beirarrúa na Rúa Manuel Costas Bastos. Fase 1 ( entre Igrexa e centro cultural ) ”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Eloy Fernández-Valdés Martínez-Estélez

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sin publicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras por importe total máximo con IVE de 120.183,01 € IVE con cargo á partida presupostaria 5110.601.00000

Prezo sin IVE = 103.606,04 €

IVE a soportar pola administración = 16.576,97 €

4º.- Abri-lo procedemento de negociación, invitando a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.e o prego de condicións administrativas.”

**6(1282).- CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA R/ CANTEIROS. EXPTE. 56105/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras e do asesor xurídico de dita Área, do 11.07.2008, co conforme da concelleira delegada da Área, así como o RC de Intervención do 4.08.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Construcción de beirarrúa na Rúa Canteiros – Matamá ”, redactado por TECPRO, Ingeniería Civil.

2º.- Aproba-los pregos de prescripcóns técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sin publicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto con cargo á partida 5110.601.0000 para a contratación das obras por importe total máximo con IVE de: 67.763,89 €

Prezo sin IVE = 58.417,15 €

IVE a soportar pola Administración : 9.346,74 €

4º.- Abri-lo procedemento de negociación, invitando a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente. E o prego de prescripcóns administrativas.”

**7(1283).- CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA R/XUNCAL. EXPTE. 55339/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras e do asesor xurídico de dita Área, do 08.07.2008, co conforme da concelleira delegada da Área, informe do Asesor Xurídico do 28.07.08, así como o RC de Intervención do 4.08.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Construcción de beirarrúa na Rúa Xuncal – Navia ”,cun presuposto total de 52.481,74 €, redactado polo enxeñeiro técnico municipal D. Jore Muñoz Rama.

2º.- Aproba-los pregos de prescripcóns técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sin publicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras por importe total máximo con IVE de 52.481,74 € con cargo á partida 5110.601.0000

Prezo sin IVE = 45.242,88 €

IVE a soportar pola administración = 7.238,86 €

4º.- Abri-lo procedemento de negociación, invitando alomenos a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”



**8(1284).- CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA MUIÑOS-COMESAÑA. EXPTE. 56097/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras e do asesor xurídico de dita Área, do 10.07.2008, co conforme da concelleira delegada da Área, informe do Asesor Xurídico do 24.07.08, así como o RC de Intervención do 4.08.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Construcción de beirarrúa na Estrada Muíños. Fase 1 ( S. Andrés de Comesaña ) ”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Eloy Fernández- Valdés Martínez- Estélllez.

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sin publicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras por importe total máximo de 92.581,94 € IVE con cargo á partida presupostaria 5110.601.0000

4º.- Abri-lo procedemento de negociación, invitando a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e no prego de condicións administrativas.”

**9(1285).- HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA NA AVDA. DE CASTELAO. EXPTE. 55426/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras e do asesor xurídico de dita Área, do 8.07.2008, co conforme da concelleira delegada da Área, informe do Asesor Xurídico do 29.07.08, así como o RC de Intervención do 4.08.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de Humanización Beirarrúa Avda. Castelao. Fase 1– Nºs pares, redactado por GALAICONTROL cun presuposto total de licitación de 485.714,27 €

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sin publicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras por importe total máximo con IVE de 485.714,27 € con cargo a partida presupostaria 5110.611.0006

Prezo sin IVE = 418.719,20 €

IVE a soportar pola Administración = 66.995,07 €

4º.- Abri-lo procedemento licitatorio, invitando a tres empresas para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

**10(1286).- HUMANIZACIÓN DA R/CORUÑA. EXPTE. 55427/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras e do asesor xurídico de dita Área, do 8.07.2008, co conforme da concelleira delegada da Área, informe do Asesor Xurídico do 29.07.08, así como o RC de Intervención do 4.08.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de humanización da Rúa Coruña redactado por GALAICONTROL con un importe total base de licitación de 1.870.000,00 €.

Prezo sin IVE = 1.612.068,96 €

IVE soportado pola administración = 257.931,03 €

2º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras por importe total máximo con IVE de 1.870.000 €, con cargo a partida presupostaria 5110.611.0017

Prezo sin IVE = 1.612.068,96 €

IVE soportado pola administración = 257.931,03 €

4º.- Abri-lo procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

**11(1287).- HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DO MERCADO DE BOUZAS. EXPTE. 56045/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras e do asesor xurídico de dita Área, do 8.07.2008, co conforme da concelleira delegada da Área, informe do Asesor Xurídico do 30.07.08, así como o RC de Intervención do 4.08.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.-\_ Aproba-lo proxecto de Humanización do Bº de Bouzas - Entorno do Mercado. Zonas A e B, redactado por GALAICONTROL,S.L., xunto co prego de prescricións técnicas do mesmo.

2º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento negociado con publicidade das obras do proxecto de de Humanización do Bº de Bouzas – Entorno do Mercado. Zonas A e B, na cidade de de Vigo .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras con cargo á partida 511.0.611.0016 dos orzamentos polo importe total máximo con IVE de 313.285,732 €,dos que 72.711,10 € corresponden á Zona A e 240.574,63 € corresponden á Zona B. e coa seguinte financiación prurianual :

Presupostos 2008: Zona A:

Prezo total con IVE : 72.711, 10 €

Prezo Zona A sin IVE = 62.681,98 €

IVE da Zona A a soportar pola Administración = 10.029,12 €

Presupostos 2009 : Zona B:

Prezo total con VE : 240.574,63 €

Prezo Zona B sin IVE = 207.391,92 €

IVE da Zona B a soportar pola Administración = 33.182,71 €

4º.- Adquirir o compromiso de incluír nos presupostos 2009 a financiación necesaria para facer fronte o gasto correspondente ás obra da Zona B

5º.- Abri-lo procedemento de negociación, invitando a tres empresas para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e no prego de condicións administrativas.”

**12(1288).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DE “SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS”. EXPTE.758/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 31.07.2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA CIDADE DE VIGO.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria MOVEX VIAL, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).”

**13(1289).- PLAN DE SEGURIDADE PARA SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DO PARQUE CENTRAL DE SANTA CRISTRINA. EXPTE. 713/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 5.08.2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra SUSTITUCIÓN DA CUBERTA DAS NAVES DO PARQUE CENTRAL DE SERVICIOS DO CONCELLO DE VIGO.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria GPD CONSTRUCCIONES, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).”

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos.  
Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.